



Concello de Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 19 de xaneiro de 2024.

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación dun/dunha enxeñeiro/a agrícola, como persoal laboral temporal, a xornada parcial (50%), cunha duración de seis (6) meses, a través do programa “Reforzo do Emprego 2024 da Excma. Deputación Provincial de Lugo”.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

De conformidade co expediente de provisión dun/dunha exeñeiro/a agrícola, como persoal laboral temporal, a media xornada (50%), cunha duración de seis (6) meses, a través do programa “Reforzo do Emprego 2024 da Excma. Deputación Provincial de Lugo”, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Decreto da Alcaldía de data 3 de xaneiro de 2024.

Visto que con data 8 de xaneiro de 2024 se publicou anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 6, comezando a contar o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte da dita publicación.

Analizadas as solicitudes presentadas e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

LISTA DE ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Fernández Labrada, Miguel	***7974**	Sí

LISTA DE EXCLUÍDOS:

Ninguén.

SEGUNDO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: Dna. Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:





Concello de Ribeira de Piquín

Dna. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Sandra Teijeira López, Administradora do Obradoiro de Emprego O Castro IX do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretario: O Secretario-interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo), D. Juan Hernando Rosa Ruíz, ou persoa en quen delegue.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o martes 23 de xaneiro de 2024, ás 10:00 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO.- Convocar ao aspirante admitido para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 10:30 horas do día 23 de xaneiro de 2024. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederáse seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asínoa o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 19 de xaneiro de 2024.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

